


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

22-23 de novembro do 2025

FESTA DE CRISTO REI



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1* *Que ledos hoxe estamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Coa celebración de hoxe poñemos fin ao recorrido que fixemos pola vida de Xesús ao longo deste ano. Foi Lucas co seu evanxeo o que nos mostrou cada semana as palabras, os sentimentos e os feitos nos que viviu Xesús.

Agora proclamamos a Cristo REI DO UNIVERSO, porque coa coherencia da súa vida demostranos a grandeza do seu amar. Por isto escoitaremos parte da paixón para entendermos ben como Cristo é Rei, porque non o vai ser como nós o entendemos. Ser Rei para Xesús é comprometerse a vivir dende a coherencia no servizo, na misericordia e no amor aos demais. Ser Rei é dar vida e Cristo dánola na cruz. Non se pode facer mellor.

Fagámolo ben tamén nós, sendo coherentes, demostrando cos nosos feitos valores como o respecto, a paz, a solidariedade.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Ao Deus Pai de todos queremos pedir perdón por non saber levar á práctica o reino de Xesús na nosa vida e porque os nosos feitos non se axustan aos seus desexos de paz, xustiza e amor. Pedimos perdón:*

Monitor/a

- ✓ O teu Reino é un Reino de paz. Perdón Señor polas veces que cos nosos feitos e palabras sementamos enfrontamentos e violencia. Señor, perdoa e acóllenos
- ✓ O teu Reino é o Reino da xustiza. Perdón Señor polas veces que renunciámos ao noso compromiso coa dignidade e coa igualdade. Cristo, perdoa e acóllenos
- ✓ O teu Reino é o Reino do amor. Perdón Señor polas veces que vivimos con rutinas e aparentando, sen feitos que nos fagan cribles. Señor, perdoa e acóllenos

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e de tantas e tantas persoas que sofren na cruz. A todos nos concede Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que levamos no corazón, e neste día facémolo pedindo polas persoas que viven a cruz da desigualdade e da falta de paz.*
(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, no teu Fillo benquerido, Rei do universo, quixeches facer novas todas as cousas.

Fai que todas as criaturas, proclamemos a túa gloria e pregoemos sempre a túa louvanza.

Pedímoscho por Xesucristo, Rei na nosa vida, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na primeira lectura que hoxe imos escoitar, Paulo, dá grazas a Deus Pai por facernos participar do Reino do seu Fillo Xesús.*

No evanxeo, a cruz fainos conscientes de canto foi capaz de amar Cristo. Ama ata dar a vida. Non se pode facer mellor.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Dámoslle grazas ao Pai que nos fixo merecentes de participar na herdade dos santos, na luz.

Porque El arrincounos das tebras para nos pasar ao Reino de seu Fillo querido, en quen nós atopamos redención, o perdón dos pecados.

El é a imaxe do Deus invisible, de toda criatura el é o primeiro nacido, e el é modelo e fin do universo creado.

Antes ca todo está el, todo nel se cimenta aínda hoxe. É tamén a cabeza do corpo -o corpo é a Igrexa-. El é o principio, o primeiro en nacer de entre os mortos, de xeito que en todo sexa sempre o primeiro.

Porque nel quixo Deus habitar coa súa total plenitude: reconciliar así o universo consigo, por el; e no sangue da cruz poñer paz entre os seres da terra e do ceo, servíndose del.

Palabra do Señor

🎵 *nº 61 Veña o teu Reino* **SALMO**
ou 41 Quen nos vai

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, estando na cruz, os xefes moqueábanse de Xesús, dicindo:

- A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido.

Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:

- Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.

E había un letreiro enriba del: "Este é o rei dos xudeus".

Un dos bandidos que estaban crucificados, insultábao tamén:

- Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.

Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:

- Seica non temes a Deus, ti que sofres a mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibimos o que merecemos, pero este non fixo mal ningún.

E dicíalle:

- Xesús, lémbtrate de min cando volvas coma rei.

Xesús respondeulle:

- Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Porque dicimos que Cristo é Rei?, pois non cadra ben coa idea que nós temos de ser rei. Para nós rei é o que ten poder, o que ten moitas cousas, o que ten xente ao seu servicio, o que vive ben.

E porque entón dicimos que Cristo é Rei?.

* **é rei amando.** Aquela xente coa que se foi atopando descubriuno como alguén que os amaba, e sen diferenzas. Amaba de verdade e pasou pola vida facéndoo todo ben.

* **é rei na xustiza.** Aqueles homes e mulleres que se sentían desprezados e desprazados atoparon nel a alguén que os trataba con xustiza, sen importar se eran enfermos, cegos, ou pobres. El tratábaos con Xustiza, eran os preferidos de Deus Pai.

* **é rei na paz.** Aqueles homes e mulleres cos que se atopaba sabíanse tratados coma irmáns. Para El todos eran irmáns, e a paz e a fraternidade era o mellor dos camiños para facer comunidade.

Así é Cristo Rei e o seu Reino é un Reino de Xustiza, de Amor e de Paz. Igual nos vale a pena facermos o posible por ter parte neste Reino e con este Rei. Só necesitamos palabras e feitos que nos fagan cribles.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es quen nos convida a compartir a nosa celebración, queremos nós comprometernos dando resposta coa nosa fe. Dicimos:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor para facelo realidade nos hoxe crucificados no esquecemento, na soidade, na pobreza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús Cristo,

que nos convida a ser coherentes na procura da xustiza e da paz, aínda sabendo que non é tarefa doada?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo,

que alenta a colaborar construíndo o seu Reino nunha sociedade mellor, nun mundo mellor, nunha parroquia mellor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos esforzos, das nosas preocupacións para superar tantas desigualdades que crucifican?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Por medio de Cristo, Rei do universo, presentemos a Deus Pai as necesidades da Igrexa e do mundo enteiro dicindo con fe:

Cristo, Rei do universo, escóitanos

Monitor/a

- ✓ Señor, concédenos como igrexa seguir facendo realidade o evanxeo nas palabras e nos feitos que falan de dar vida na cruz, oremos
- ✓ Señor, Ti que rexeitas calquera outro poder que non sexa o do amor, maniféstalle aos pobres e aos sinxelos que estás sempre a súa beira, oremos
- ✓ Señor, Ti que reinas no corazón das persoas, concédenos a todos vivir construíndo o teu reino de paz e igualdade, que tanta falta nos fai, oremos
- ✓ Señor, Ti que reinas queréndolle ben a todos, pedímosche doídos e apenados polas persoas que sofren as consecuencias da guerra e da violencia, oremos
- ✓ Señor, escandalizados coa vida dura das persoas que se sinten crucificadas, aléntanos no esforzo por facer da sociedade un lugar máis acolledor, oremos

Celebrante: Deus, noso Pai, recibe das mans de teu Fillo as oracións que che diriximos polo mundo enteiro; e estende entre nós o reino de xustiza, de amor e de paz con El, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Aínda que rezamos agora a oración que Xesús nos aprendeu pedindo que veña a nós o Reino, sabemos ben que tamén está nas nosas mans facelo crible. Comprometéndonos rezamos confiados:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: As mans de Xesús estendeunas na cruz, para os outros, soñando un Reino de paz. Foron cravadas no soño da fraternidade. Foron entregadas cun corazón crente no amor do Pai. Coma irmáns, esperando no Reino da Paz, nós podemos e debemos facelo mellor. Non teñamos medo a quen nos ofrece a súa man para camiñar en PAZ. Con Cristo, coma irmáns, deamos exemplo de paz

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar hoxe arredor desta mesa de parroquia é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús. Un camiño que se fai dende a cruz, que esixe romper comodidades, que esixe deixar atrás medos, que esixe ganas e ilusións. Ditosos nós que o facemos compartindo este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55** *No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, nesta celebración, déchesnos a compartir o pan da vida eterna.

A nós, que temos a honra de seguir os pasos de Cristo, Rei do Universo, concédenos vivir eternamente con El no reino dos benaventurados que saben amar en verdade.


Que as nosas palabras e feitos sexan de proveito para todos os homes e mulleres que se merecen unha vida mellor.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Xesús, fiándose do Pai, entregou a Vida e amosounos que o seu Reino de amor, xustiza e paz é agora a nosa responsabilidade.

As palabras coas que hoxe temos rezado fanse vivas na tolerancia, no respecto e na igualdade, e escandalízzannos ante as violencias.

Deámoslle unha man ás persoas e aos pobos que soñan con un mundo mellor, con un Reino de Deus.



**FAGÁMOLO BEN
E SEXAMOS VIDA
CON TODAS
AS PERSOAS
QUE NON TEÑEN
ESPERANZA**

O letreiro
enriba da cruz di:
“ESTE É O REI”

*Palabras no evanxeo
de hoxe.*

**Avísase das misas
(ver folla do mes)**

***Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus***